

## BOLETÍN

afaesferrol@mundo-r.com  
www.feafesportanova.org



VERÁN 2015

Nº 8

CONTIDOS

- *Acordos de colaboración de AFAES PORTA NOVA.*
- *Asamblea xeral de socios.*
- *XIX Congreso de Feafes: “Embarcados cara una vida plena”.*
- *Roldas de encontros.*
- *Actividades realizadas nos últimos meses*



### ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DA CORUÑA, OFICINA DE COOPERACIÓN E VOLUNTARIADO(OCV) E A ASOCIACIÓN AFAES PORTA NOVA, ASINADO O 17 DE XUÑO DE 2015.

O obxecto do presente acordo é o establecemento dun marco de colaboración entre a O.C.V.da Coruña e a Asociación AFAES Porta Nova para a execución dun programa de voluntariado que inclúe actuacións nos ámbitos ocupacionais (talleres), de ocio e actividade física (paseos, saídas en bicicleta, fútbol sala, etc), así como de integración comunitaria (compras, trámites burocráticos, etc), a desenvolver tanto dentro das vivendas protexidas,

como nas instalacións dos centros de rehabilitación e ocupacional da entidade AFAES Porta Nova, ou no entorno comunitario.

Ademais dende o 15-07-2015 AFAES Porta Nova queda inscrita no SERVIZO DE VOLUNTARIADO da Xunta de Galicia, opción directa de conexión entre as entidades que promoven accións voluntarias e os persoas que demandan prestar colaboración voluntaria.

*Esta vía de derivación, a través da OCV permite acceder a un voluntariado formado e formalmente acreditado para desenvolver a acción voluntaria así como levar a cabo a coordinación responsable en relación tanto ó seguimento como a formación especializada en saúde mental dos voluntarios.*

### CONVENIO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA, FACULTADE DE ENFERMERÍA E PODOLOXÍA, COA ASOCIACIÓN AFAES PORTA NOVA

En data 15 de decembro de 2014 renovamos a sinatura deste Convenio para o desenvolvemento de funcións docentes, asistenciais e investigadoras na orde sanitaria e social. En base a dito convenio no último trimestre do ano 2014 remitimos a Unidade de Atención Podolóxica sita no Hospital Naval (e que atenden estudantes de Podoloxía

no calendario universitario), a distintos usuarios dos dispositivos da entidade AFAES Porta Nova para seguimentos e revisións podolóxicas.

*Os usuarios de AFAES reciben atención podolóxica a través dun convenio de colaboración coa Universidade.*

## OS USUARIOS DE AFAES RECIBEN ATENCIÓN ODONTOLÓXICA A TRAVÉS DA COLABORACIÓN CUNHA CLÍNICA DENTAL

**A colaboración entre a Clínica Dental María Fernández Soto e a entidade AFAES Porta Nova, iníciase no presente ano 2015. Na actualidade foron valorados nove usuarios e mantéñense en tratamento sete.**

En relación os compromisos que asume a clínica contémpanse, entre outros, os seguintes:

- Revisión gratuíta a todos os integrantes de AFAES Porta Nova e dar un informe odontolóxico anual para axuntar ó informe médico.
- Aplicación dos prezos estipulados pola Xunta de Galicia, aínda que os usuarios de Afaes Porta Nova non pertencen aos plans da Xunta.

## ASAMBLEA XERAL DE SOCIOS

Celebrada o sábado 27 de xuño as 11 da mañá en segunda convocatoria. Asisten 22 socios.

## XIX CONGRESO FEAFES: “EMBARCADOS CARA UNHA VIDA PLENA”

**O emprego e a insuficiencia de alternativas residenciais seguen a ser as grandes materias pendentes na atención as persoas con enfermidade mental (PEM). Por outro lado, unha parte do colectivo de PEM, en concreto, as persoas sen fogar, teñen dificultade para acceder os recursos asistenciais.**

Cada dous anos a Confederación FEAFES co-organiza, con algunha federación, un **Congreso** a nivel estatal.

Dende AFAES Porta Nova animáronse a participar neste evento, o venres 12, un total de 22 persoas. dous membros da xunta directiva (presidente e tesoureiro), 5 profesionais, 6 familiares e 10 usuarios.

Os asistentes compartimos un momento de análise e reflexión cos compañeiros do noso movemento asociativo e profesionais do ámbito da saúde mental, con sentimentos en-

contrados de esperanza por todo o que se está a conseguir dende as asociacións e contando coa sensibilidade da administración pública en moitos casos, pero tamén de desacougo pola falta de resultados en materia laboral, lexislativa e de concienciación social e empresarial. Todo isto lévanos a facer unha valoración positiva da xornada de convivencia que cando menos foi enriquecedora para todos. Nela se trataron, como estaba previsto no programa, os seguintes temas:

- **Emprego:** Un camiño de cara a autonomía
- **Vivenda:** Un lugar para a autonomía. Participa xunto cos profesionais un usuario de recursos residenciais da Asociación APEM (A Coruña)
- **Saúde Mental:** “un tobogán cara a exclusión social” . Participa xunto cun profesional o Presidente de ALUME e o representante do Comité de Persoas con Enfermidade Mental de



Despois do xantar tivo lugar o Encontro do movemento asociativo SAÚDE MENTAL.

## AFAES PORTA NOVA SÚMASE A CAMPAÑA NACIONAL CONTRA O COPAGO ESTABLECIDO NA LEI DE AUTONOMÍA PERSOAL E DEPENDENCIA

Participamos na campaña nacional de recollida de sinaturas (necesarias 500.000) impulsada polo Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade, CERMI, consistente nunha Iniciativa Lexislativa Popular (ILP) para

modificar a Lei de Autonomía Persoal e Dependencia que fundamentalmente afecta a os criterios de copago; en concreto, ten como finalidade modificar os seguintes aspectos da lei:

- Pretende a ampliación dos factores que se teñen presentes a hora de determinar tanto a renda como o patrimonio do usuario: é dicir a idade, o momento vital de aparición da situación de dependencia e a súa maior

ou menor prolongación ó longo da vida da persoa beneficiaria. Exención do copago aos que perciban menos de 1.331 euros (2,5 veces o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples, I.P.R.E.M).

- Fixar unha apartación máxima por persoa que non sexa superior ó 60% do custe do servizo.

- Que a persoa en situación de dependencia se lle garantise unha cantidade para destinar os gastos persoais que non sexa inferior a 40% da súa capacidade económica.

*Mantivemos dita recollida de sinaturas no Centro da entidade dende abril ata mediados de xuño en que foi remitida a través de Feafes Galicia a Saúde Mental España.*

## ROLDAS DE ENCONTROS POR PARTE DA DIRECTORA DE AFAES E O TESOUREIRO CON REPRESENTANTES TÉCNICOS E POLÍTICOS DOS CONCELLOS DE FERROL E NARÓN COS QUE A ENTIDADE TEN CONVENIOS DE COLABORACIÓN

**Concello de Ferrol.** En entrevista coa concelleira de benestar faise a petición concreta de cesión dun local municipal para dar atención a un grupo mínimo de 15 usuarios, que non tendo problemas de transporte ou dificultades no desprazamento para chegar ao recurso, precisen de programas especializados para mellorar a integración social, formativa e laboral.

**Concello de Narón.** Como resultado dos encontros mantidos o longo deste ano tanto con técnicos responsables do servizo sociosanitario como coa concelleira de promoción social e igualdade (responsable do convenio de AFAES Porta Nova), estamos a preparar a redacción do próximo convenio bianual a asinar que contemplará un programa de contidos mínimos.

### Outros Concellos colaborados:


**Concello de Cerdido.** A resaltar a dispoñibilidade por parte deste Concello para uso dos recursos municipais tanto de equipamentos e infraestruturas como de servizos.

**Concello de As Pontes.** Mantemos anualmente a axuda municipal a través da convocatoria xeral dirixida as entidades sen ánimo de lucro, para desenvolver o proxecto de difusión da entidade AFAES Porta Nova, no que se inclúe a elaboración deste boletín.

## ACTIVIDADES REALIZADAS NOS ÚLTIMOS MESES

¡Qué ben o pasamos máis excursións, saídas e festas que fixemos nestes meses! O tempo pasa ben rápido cando se está a gusto e en boa compañía.

**BALNEARIO DE CUNTIS (14-15 abril):** este ano houbo sorte e poidemos disfrutar de dous días de relax nun gran balneario. O hotel precioso, o circuito termal enorme e os arredores moi acolledores. Ademais visitamos o Centro de Interpretación de Arte Rupestre Campo Lameiro, onde sen dúbida o que máis nos sorprende foi a demostración de cómo facer lume.



**GRAN CANARIA (21-28 abril):** no mes de abril escapamos unha semana á illa de Gran Canaria, onde disfrutamos das espectaculares dunas de Maspalomas e de preciosas paraxes. Percorrimos toda a illa visitando unha morea de lugares: as necrópoles, Puerto Mogán, Fataga, o teatro de Pérez Galdós, Cueva Pintada, o Centro de interpretación de Maspalomas, Pico de las Nieves, Tejeda, Firgas, Arucas e moitos máis!



**FEIRA DO LIBRO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (6 de maio):** a proposta dos rapaces viaxamos a Santiago a visitar a feira do libro. Ademais aproveitamos o día para pasear pola Catedral e os seus arredores.

**CASA DE RESPIRO FAMILIAR DE CANGAS (8-10 maio):** seis usuarios participaron nesta excursión visitando o pobo de Cangas, Cabo de Home, Aldán, Mirador do Rei, ata fomos de romaría! Pasámolo xenial!

**CASA DE RESPIRO FAMILIAR DE CANGAS (10-13 xuño):** unha furgoneta repleta de mulleres con ganas de pasear e pasalo ben. E tanto que foi así. Paseos, praias, visitas varias e o plato forte AS ILLAS CÍES, francamente espectacular. Unha experiencia para repetir.

**BOSQUE DE LOS SUEÑOS – CUBILLOS DE SIL (16-18 xuño):** a verdade é que o albergue non podía estar mellor, e co bo tempo que tivemos podemos desfrutar do seu entorno e tamén darnos un chapuzón nas piscinas.

Visitamos Molinaseca, o Castelo Templario de Ponferrada, o Museo da Radio de Luis del Olmo, o museo da enerxía e as Médulas.

Para rematar a estancia comimos unha paella ben rica ó aire libre na zona recreativa do Lago de Carucedo.

**FESTA DE SAN XOÁN (23 de xuño):** como todos os anos celebramos esta festa de campeiro que tanto nos gusta, unha xornada moi agradable en compañía de familiares e amigos.

**FINAL DE FÚTBOL SALA (4 de xullo):** como case todos os anos tocou madrugar. Xogamos o primeiro partido, e aínda que o resultado non foi de todo bo quedámonos coa experiencia de compartir o día cos equipos de toda Galicia. Felicidades ós nosos xogadores polo seu afán de mellorar cada día.

**FIN DE CURSO DO TALLER DE COCIÑA DE CERDIDO (6 de xullo):** despois de tanto esforzo ben merecido teñen un día de festa os usuarios do taller de cociña de Cerdido. Xantamos xuntos na Área Recreativa O Castro.

**XI ANIVERSARIO GERIATROS NARÓN (15 xullo):** Afaes contribuiu a esta celebración cunha mostra de tódolos obradoiros da asociación. Un grupo do obradoiro de costura fixo una demostración de traballos de preparación e fiado da lá.

**SAÍDAS DE OCIO DE VERÁN (tódolos mércores):** e como non pode ser doutra maneira, hay que aproveitar o bo tempo e saír a tomar o aire e visitar as praias que nos rodean. Polo de agora xa visitamos Cabanas, Ares e Doniños. Sabe a pouco, pero aínda queda moito verán



**CRPL NARÓN**

Rúa Río Sil, 1-3, Baixo (Piñeiros)  
15570 Narón  
Tfno.: 981388992 Fax: 981393018  
E-mail: afaesferrol@mun-do-r.com  
Web: feafesportanova.org

**CRPL CERDIDO**

Escola da Avispeira, lugar de Porto  
s/n, 15569, Cerdido

**CENTRO OCUPACIONAL**

Rúa Río Sil, 2-4, Baixo (Piñeiros)  
15570 Narón

